


Semana Santa 2014
11-20 abril
Santiago de Compostela



Inauguración

As sete últimas palabras de Cristo na Cruz
Las siete últimas palabras de Cristo en la Cruz

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

PAUL DOMBRECHT_óboe/director
OBRAS_ Haydn e Rietz

Camiño de converterse nun clásico do festival, a Real Filharmonía de Galicia inaugura Músicas Contemplativas 2014 interpretando *As sete últimas palabras de Cristo na Cruz*, unha singular composición relixiosa encargada dende Cádiz ao gran Joseph Haydn, o pai do Clasicismo. A orquestra compostelá estará dirixida polo oboísta e director belga Paul Dombrecht, un recoñecido especialista na interpretación historicista con instrumentos de época.

Camino de converterse en un clásico del festival, la Real Filharmonía de Galicia inaugura Músicas Contemplativas 2014 interpretando *Las siete últimas palabras de Cristo en la Cruz*, una singular composición religiosa encargada desde Cádiz al gran Joseph Haydn, el padre del Clasicismo. La orquesta compostelana estará dirigida por el oboísta y director belga Paul Dombrecht, un reconocido especialista en la interpretación historicista con instrumentos de época.

LUGAR_ Auditorio de Galicia
DATA_ venres 11 abril | HORA_ 21.00

O son de Benarés

El sonido de Benarés

TAPANGROUP

PANDIT RONU MAJUMDAR_ bansuri
TAPAN BHATTACHARYA_ tabla

Especializado na música clásica do norte da India, Tapangroup está formado por profesionais cun profundo coñecemento, tanto da tradición musical da India como da fusión. Tapan Bhattacharya preséntanos o seu novo traballo discográfico (*Benares duan*) xunto a un dos intérpretes de bansuri máis prestixiosos da actualidade, Pandit Ronu Majumdar. A súa capacidade para a improvisación combinada con paixón, imaxinación e brillantez técnica, lévanos a unha viaxe musical chea de sensacións.

Especializado en la música clásica del norte de la India, Tapangroup está formado por profesionales con un profundo conocimiento, tanto de la tradición musical de la India como de la fusión. Tapan Bhattacharya nos presenta su nuevo trabajo discográfico (*Benares duan*) junto a uno de los intérpretes de bansuri más prestigiosos de la actualidad, Pandit Ronu Majumdar. Su capacidad para la improvisación, combinada con pasión, imaginación y brillantez técnica, nos lleva a un viaje musical lleno de sensaciones.

LUGAR_ San Domingos de Bonaval
DATA_ sábado 12 abril | HORA_ 19.30

Himno a San Francisco

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA

JUAN MIGUEL ROMERO_ director
DAVID A. MACEIRA_ órgano
OBRAS_ Bach, Van der Roost, Albinoni, Gounod, Saint-Saëns, Haendel, García i Soler, Pérez García e Busca de Sagastizábal

A temática sacra foi sempre fonte de inspiración para os máis ilustres compositores, que escribiron ao longo da historia para este xénero musical. A Banda Municipal de Santiago busca neste concerto unha perspectiva diferente, con adaptacións destas obras e outras composicións orixinais para banda de música, incluíndo algúns exemplos dun xénero patrimonial das bandas en Semana Santa (as marchas procesionais) e a estrea da versión para banda e órgano dun himno a San Francisco.

La temática sacra ha sido siempre fuente de inspiración para los más ilustres compositores, que han escrito a lo largo de la historia para este género musical. La Banda Municipal de Santiago busca en este concierto una perspectiva diferente, con adaptaciones de estas obras y otras composiciones originales para banda de música, incluyendo algunos ejemplos de un género patrimonial de las bandas en Semana Santa (las marchas procesionales) y el estreno de la versión para banda y órgano de un himno a San Francisco.

LUGAR_ Igrexa de San Francisco
DATA_ sábado 12 abril | HORA_ 21.00

OperSuite, improvisación libre en 3 actos

ALEJANDRO VARGAS_ piano

L.A.R. LEGIDO_ batería/obxectos sonoros

Alejandro Vargas (piano) e L.A.R. Legido (batería e obxectos sonoros) abordan diferentes temáticas do free jazz e da música clásica e contemporánea aproveitando ao máximo todas as posibilidades do son como principal ferramenta. Este dúo de improvisación libre desenvolveu esta linguaxe a través da *performance*, creando música para ver e escoitar, chea de cores, e somerxen o público en novos mundos acústicos.

Alejandro Vargas (piano) y L.A.R. Legido (batería y objetos sonoros) abordan diferentes temáticas del free jazz y de la música clásica y contemporánea aprovechando al máximo todas las posibilidades del sonido como principal herramienta. Este dúo de improvisación libre ha desarrollado este lenguaje a través de la *performance*, creando música para ver y escuchar, llena de colores, y sumergen al público en nuevos mundos acústicos.

LUGAR_ CGAC Centro Galego de Arte Contemporánea
DATA_ sábado 12 abril | HORA_ 22.00

Stabat Mater, Pergolesi

ESCOLANÍA DA CATEDRAL DE SANTIAGO "ÁNGELES DE COMPOSTELA"

RESONET

MERCEDES HERNÁNDEZ_ soprano

MARÍA ALTADILL_ mezzosoprano

JOSÉ LUIS VÁZQUEZ

FERNANDO REYES_ dirección

Pergolesi e o *Stabat Mater* máis famoso: órgano e arqui-laúde acompañan ás voces nesta primeira colaboración do grupo especializado en música antiga compostelán Resonet coa Escolanía da Catedral de Santiago, nunha versión que non ten nada de orixinal, pero moito de infrecuente...

Pergolesi y el *Stabat Mater* más famoso: órgano y archilaúd acompañan a las voces en esta primera colaboración del grupo especializado en música antigua compostelano Resonet con la Escolanía de la Catedral de Santiago, en una versión que no tiene nada de original, pero mucho de infrecuente...

LUGAR_ San Paio de Antealtares
DATA_ domingo 13 abril | HORA_ 20.30

Cantatas de Bach

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

STEPHAN LOGES_ barítono

CAPELA COMPOSTELANA

MAXIMINO ZUMALAVE_ director

A orquestra compostelá Real Filharmonía de Galicia propón un programa de cantatas sacras dun dos grandes mestres do Barroco e en concreto deste xénero, Johann Sebastian Bach. A igrexa monástica de San Paio de Antealtares será o marco para a interpretación de dúas das máis coñecidas e fermosas cantatas para baixo do Cantor de Leipzig, as número 56 e 82, que cantará o barítono xermano-británico Stephan Loges.

La orquesta compostelana Real Filharmonía de Galicia propone un programa de cantatas sacras de uno de los grandes maestros del Barroco y en concreto de este género, Johann Sebastian Bach. La iglesia monástica de San Paio de Antealtares será el marco para la interpretación de dos de las más conocidas y hermosas cantatas para bajo del Cantor de Leipzig, las número 56 y 82, que cantará el barítono germano-británico Stephan Loges.

LUGAR_ San Paio de Antealtares
DATA_ luns 14 abril | HORA_ 21.00

Ladañías de Xapón
a meditación entre o silencio e o caos sonoro
Letanías de Xapón
la meditación entre el silencio y el caos sonoro

HARUNA TAKEBE_ piano

OBRAS_ Ichiyonagi, Takemitsu, Hosokawa e Ishii

Música para piano dos compositores máis significativos e representativos de Xapón do século XX e da actualidade. *Ladañías de Xapón* presenta pezas feitas dende a perspectiva observadora e reflexiva que manifestan a dualidade característica deste país: a do Xapón tradicional e a do Xapón moderno. Dous modos de vida e dúas velocidades que cohabitan e interaccionan. Con *Ladañías de Xapón*, a pianista xaponesa afinada en Compostela Haruna Takebe propón a meditación a través tanto do silencio coma do caos sonoro...

Música para piano de los compositores más significativos y representativos de Japón del siglo XX y de la actualidad. *Letanías de Japón* presenta piezas hechas desde la perspectiva observadora y reflexiva que manifiestan la dualidad característica de este país: la del Japón tradicional y la del Japón moderno. Dos modos de vida y dos velocidades que cohabitan e interaccionan. Con *Letanías de Japón*, la pianista japonesa afinada en Compostela Haruna Takebe propone la meditación a través tanto del silencio como del caos sonoro...

LUGAR_ Paraninfo da Universidade
Facultade de Xeografía e Historia
DATA_ martes 15 abril | HORA_ 19.30

Sonatas do Rosario
Biber e os misterios dolorosos, gozosos e gloriosos
Sonatas del Rosario
Biber y los misterios dolorosos, gozosos y gloriosos


LES PLAISIRS DU PARNASSE

DAVID PLANTIER_ violín e dirección

"De todos os violinistas do pasado século (XVII), Biber parece ter sido o mellor, e os seus solos son os máis difíciles e imaxinativos de todos os que vin na época" (Charles Burney). Heinrich Ignaz Franz von Biber era coñecido como virtuoso do violín, para o que compuxo excelentes páxinas entre as que destacan, sobre todas, as sonatas do Santo Rosario (*Rosenkranzsonaten*) que Les Plaisirs du Parnasse interpretará intercalando fermosas pezas de autores coetáneos como Domenico Gabrielli, Giovanni Battista degli Antonii, Bach ou Vilsmyr.

De todos los violinistas del pasado siglo (XVII), Biber parece haber sido el mejor, y sus solos son los más difíciles e imaginativos de todos los que he visto en la época" (Charles Burney). Heinrich Ignaz Franz von Biber era conocido como virtuoso del violín, para el que compuso excelentes páginas entre las que destacan, sobre todas, las sonatas del Santo Rosario (*Rosenkranzsonaten*) que Les Plaisirs du Parnasse interpretará intercalando hermosísimas piezas de autores coetáneos como Domenico Gabrielli, Giovanni Battista degli Antonii, Bach o Vilsmyr.

LUGAR_ Hostal dos Reis Católicos
DATA_ martes 15 abril | HORA_ 21.30



Sonata para clave, modernidade camiño do século XXI

Sonata para clave, modernidad camino del siglo XXI

LUCIE ŽÁKOVÁ_ clave

OBRAS_ Gemrot, Françaix, Teml, Martínú, Eben, Nan, Ligeti

As posibilidades sonoras do clave, instrumento imprescindible do Barroco, non correron a sorte das modas pasaxeras. A súa cor inconfundible é aínda hoxe fonte de inspiración para a creación musical sen deixar en ningún momento o sabor do anacronismo. O programa seleccionado pola clavecinista checa Lucie Žáková evidencia a estreita conexión entre o pasado e o presente dun instrumento que nos descobre dende unha nova perspectiva estilística.

Las posibilidades sonoras del clave, instrumento imprescindible del Barroco, no han corrido la suerte de las modas pasajeras. Su color inconfundible es aún hoy fuente de inspiración para la creación musical sin dejar en ningún momento el sabor de boca del anacronismo. El programa seleccionado por la clavecinista checa Lucie Žáková evidencia la estrecha conexión entre el pasado y el presente de un instrumento que nos descubre desde una nueva perspectiva estilística.

LUGAR_ Orde Terceira
DATA_ mércores 16 abril | HORA_ 19.30

Da Coresma á Paixón mestres da capela da Catedral de Santiago

De la Cuaresma a la Pasión maestros de la capilla de la Catedral de Santiago

CORO DE CÁMARA DO ORFEÓN TERRA A NOSA

MIRO MOREIRA_ director

OBRAS_ Diego Muelas e Pedro Rodrigo

O compostelán Coro de Cámara do Orfeón Terra A Nosa e o seu director Miro Moreira seleccionaron obras musicais da Coresma, trátase da misa de "Feiras" e motetes compostos na primeira metade do século XVIII por dous destacados mestres de capela da Catedral de Santiago: Diego Muelas e Pedro Rodrigo. Completan o seu programa varias obras gregorianas tamén propias do tempo de Coresma.

El compostelano Coro de Cámara del Orfeón Terra A Nosa y su director Miro Moreira han seleccionado obras musicales de investigación espiritual común a todos los pueblos, ha conducido a Matilde Politi a un proyecto basado en la potencia expresiva y evocadora de su voz. Con la vocalidad compuestos en la primera mitad del siglo XVIII por dos destacados maestros de capilla de la Catedral de Santiago: Diego Muelas y Pedro Rodrigo. Completan su programa varias obras gregorianas también propias del tiempo de Cuaresma.

LUGAR_ Santa Clara
DATA_ mércores 16 abril | HORA_ 21.30

La scala dell'amore: a tradición siciliana

La scala dell'amore: la tradición siciliana

MATILDE POLITI

MATILDE POLITI_ voz, guitarra, tamburello

SIMONA DI GREGORIO_ voz, organetto,

arpa hebrea, tamburello

A busca da "comuñón" na música tradicional siciliana, entre o sacro e o popular, explorando territorios de investigación espiritual común a todos os pobos, conduciu a Matilde Politi a un proxecto baseado na potencia expresiva e evocadora da súa voz. Coa vocalidade como protagonista e o son dos instrumentos da tradición siciliana (guitarra, organetto e tamburello), Matilde Politi é capaz de transitar entre mundos sonoros coñecidos e insólitos....

La búsqueda de la "comunidad" en la música tradicional siciliana, entre lo sacro y lo popular, explorando territorios de investigación espiritual común a todos los pueblos, ha conducido a Matilde Politi a un proyecto basado en la potencia expresiva y evocadora de su voz. Con la vocalidad como protagonista y el sonido de los instrumentos de la tradición siciliana (guitarra, organetto e tamburello), Matilde Politi es capaz de transitar entre mundos sonoros conocidos e insólitos....

LUGAR_ San Fiz de Solovio
DATA_ xoves 17 abril | HORA_ 19.30

Rexistro partido, rexistro compartido recital de órgano a catro mans

Registro partido, registro compartido recital de órgano a cuatro manos

CARLOS ARTURO GUERRA PARRA_ órgano

LUCIE ŽÁKOVÁ_ órgano

OBRAS_ Tomkins, Cabezón, Couperin, Dandrieu,

J.C. Bach, Mestres, Daquin, Mozart, Cabanilles

De entre todos os instrumentos, o máis soberbio en tamaño, sofisticación e sonoridade foi, dende o Barroco ata os nosos días, o órgano. Dous organistas, o español Carlos Arturo Guerra e a checa Lucie Žáková, séntanse xuntos ante o fermoso órgano da Igrexa da Universidade para amosamos a capacidade polifónica e a ductilidade dos órganos do Barroco ibérico. O feito de ser tocados a catro mans dota ao instrumento de novas e sorprendentes posibilidades sonoras.

De entre todos los instrumentos, el más soberbio en tamaño, sofisticación y sonoridad ha sido, desde el Barroco hasta nuestros días, el órgano. Dos organistas, el español Carlos Arturo Guerra y la checa Lucie Žáková, se sientan juntos ante el hermoso órgano de la Iglesia de la Universidad para mostramos la capacidad polifónica y la ductilidad de los órganos del Barroco ibérico. El hecho de ser tocados a cuatro manos dota al instrumento de nuevas y sorprendentes posibilidades sonoras.

LUGAR_ Igrexa da Universidade
DATA_ xoves 17 abril | HORA_ 21.30

Honkyoku, 500 anos de tradición zen

Honkyoku, 500 años de tradición zen

RODRIGO RODRÍGUEZ_ shakuhachi

Rodrigo Rodríguez preséntanos o shakuhachi (尺八), unha flauta xaponesa que, a diferenza da tradicional flauta traveseira, se suxeita verticalmente como unha flauta doce. Austeras e meditativas na súa natureza, estas pezas honkyoku foron compostas anonimamente e transmitidas oralmente polos monxes budistas Zen en Xapón, dende hai máis de 500 anos.

Rodrigo Rodríguez nos presenta el shakuhachi (尺八), una flauta japonesa que, a diferencia de la tradicional flauta traveseira, se sujeta verticalmente como una flauta dulce. Austeras y meditativas en su naturaleza, estas piezas honkyoku fueron compuestas anónimamente y transmitidas oralmente por los monjes budistas Zen en Japón, desde hace más de 500 años.

LUGAR_ Orde Terceira
DATA_ venres 18 abril | HORA_ 19.30

O galeón do Pacífico cantos misionais e populares de Filipinas, Perú, Bolivia, Chile, Paraguai e Guatemala

El galeón del Pacífico cantos misionales y populares de Filipinas, Perú, Bolivia, Chile, Paraguay y Guatemala

LINA MARCELA LÓPEZ_ soprano

MANUEL VILAS_ arpas barroca e chiquitana

No século XVI comezaron as viaxes marítimas que as naves españolas realizaban entre Manila e os portos de Nova España (México). Estas naves, que saían unha ou dúas veces ao ano, denominábanse "Galeón de Manila" e atravesaban todo o océano Pacífico. Inspirado polas viaxes destes galeóns este concerto ofrece un repaso moi particular pola música do século XVIII dalgun dos países bañados por tan xigantesco océano: Filipinas, Perú, Bolivia, Chile, Paraguai e Guatemala.

En el siglo XVI comenzaron los viajes marítimos que las naves españolas realizaban entre Manila y los puertos de Nueva España (México). A estas naves, que salían una o dos veces al año, se las denominaba "Galeón de Manila" y atravesaban todo el océano Pacífico. Inspirado por los viajes de estos galeones este concierto ofrece un repaso muy particular por la música del siglo XVIII de algunos de los países bañados por tan gigantesco océano: Filipinas, Perú, Bolivia, Chile, Paraguay y Guatemala.

LUGAR_ San Fiz de Solovio
DATA_ venres 18 abril | HORA_ 21.30

Poesía sagrada na música de Kabul

Poesía sagrada en la música de Kabul

KHALED ARMAN & ENSEMBLE KABUL

O Ensemble Kabul mostra un profundo respecto pola heranza musical de Afganistán, incluíndo as variadas influencias que foron asimiladas ao longo dos séculos, ao tempo que manteñen o seu propio carácter individual. O seu repertorio parte da heranza clásica e folclórica de distintas rexións de Afganistán e susténtase nos cuidadosos arranxos musicais de Khaled Arman, na mestría dos seus músicos e no peculiar son do Ensemble Kabul.

El Ensemble Kabul muestra un profundo respeto por la herencia musical de Afganistán, incluyendo las variadas influencias que han sido asimiladas a lo largo de los siglos, al tiempo que mantienen su propio carácter individual. Su repertorio parte de la herencia clásica y folclórica de distintas regiones de Afganistán y se sustenta en los cuidadosos arreglos musicales de Khaled Arman, en la maestría de sus músicos y en el peculiar sonido del Ensemble Kabul.

LUGAR_ Orde Terceira
DATA_ sábado 19 abril | HORA_ 20.30

Shostakovich en clave sinfónica

ORQUESTRA NOVA DA SINFÓNICA DE GALICIA

ORQUESTRA DE NENOS DA SINFÓNICA DE GALICIA

NENOS CANTORES DA SINFÓNICA DE GALICIA

LUKA HAUSER_ piano

JAMES ROSS_ director

OBRAS_ Shostakovich, Bach e Buide

Convertido xa nun dos proxectos didácticos máis sólidos e orixinais do panorama musical español, a Orquestra Nova da Sinfónica de Galicia mostrará, no peche do festival, o resultado do seu último encontro orquestral conducido polo experimentado director norteamericano James Ross. Unha sinfonía de Shostakovich, a décima, é a obra central dunha ambiciosa iniciativa formativa na que tamén participan a orquestra de nenos e os nenos cantores da orquestra coruñesa.

Convertido ya en uno de los proyectos didácticos más sólidos y originales del panorama musical español, la Orquesta Joven de la Sinfónica de Galicia mostrará, en el cierre del festival, el resultado de su último encuentro orquestral conducido por el experimentado director norteamericano James Ross. Una sinfonía de Shostakovich, la décima, es la obra central de una ambiciosa iniciativa formativa en la que también participan la orquestra de niños y los niños cantores de la orquestra coruñesa.

LUGAR_ Auditorio de Galicia
DATA_ domingo 20 abril | HORA_ 20.00

Entrada gratuita previa recollida de invitación *

- No despacho de billetes do Teatro Principal (Rúa Nova, 21) de 18.00 a 21.00 h, de martes a sábado (do 26 de marzo ao 10 de abril)
- A partir do 11 de abril: 17.00-21.00 h
- 1 hora antes do inicio de cada concerto no lugar de celebración do mesmo
- * agás Auditorio de Galicia:
 - Venres 11 abril (12 euros, entradas/novagaliciabanco.es, 902434443)
 - Domingo 20 abril (3 euros / abonados-as Auditorio de Galicia, gratis)
- Despacho de billetes Auditorio de Galicia (o día do concerto, a partir das 18.00 h)
- * agás Banda Municipal de Música (Igrexa San Francisco, sábado 12 abril): entrada libre ata completar o aforo

Invitación válida ata 10 minutos antes do inicio do concerto (a organización resérvase o dereito de utilizar as localidades non ocupadas polo público 10 minutos antes da hora de inicio do concerto)

Entrada gratuita previa recogida de invitación *

- En la taquilla del Teatro Principal (Rúa Nova, 21) de 18.00 a 21.00 h, de martes a sábado (del 26 de marzo al 10 de abril)
- A partir del 11 de abril: 17.00-21.00 h
- 1 hora antes del inicio de cada concierto en el lugar de celebración del mismo
- * excepto Auditorio de Galicia:
 - Viernes 11 abril (12 euros, entradas/novagaliciabanco.es, 902434443)
 - Domingo 20 abril (3 euros / abonados-as Auditorio de Galicia, gratis)
- Taquilla del Auditorio de Galicia (el día del concierto, a partir de las 18.00 h)
- * excepto Banda Municipal de Música (Iglesia San Francisco, sábado 12 abril): entrada libre hasta completar el aforo

Invitación válida hasta 10 minutos antes del inicio del concierto (la organización se reserva el derecho de utilizar las localidades no ocupadas por el público 10 minutos antes de la hora de inicio del concierto)

